



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Literatura e cultura galegas no século XXI	Código	613484030	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Profesorado	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo (avanzado) dun ou varios dos temas e liñas de investigación máis relevantes e significativos das producións literarias e culturais do século XXI.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Ser quen de analizar e interpretar o sistema cultural galego do século XXI (obras, autores/as, prácticas culturais...), aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.	AM2 AM4 AM5 AM10 AM12	BM4 BM5 BM8	CM1 CM6
Coñecer e saber valorar as novas tendencias e perspectivas do sistema cultural galego actual, integrándoas no contexto global do século XXI.	AM2 AM6 AM7 AM10 AM11	BM3 BM4 BM5	CM1 CM4 CM6 CM7
Coñecer e adquirir a capacidade de utilizar ferramentas e recursos de investigación aplicados ao estudo do sistema cultural galego do século XXI.	AM7 AM11 AM13	BM5 BM6 BM7 BM8	CM3 CM6 CM7
Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional ao estudo da produción literaria e cultural galega do século XXI.	AM2 AM5 AM6 AM8 AM12	BM1 BM3 BM5	CM1 CM4 CM6 CM8
Ser quen de realizar achegas creativas e orixinais ao estudo do sistema cultural galego do século XXI, como modo de se introducir na investigación nesta materia.	AM3 AM7 AM9 AM11	BM4 BM6 BM7 BM9	CM1 CM4 CM7 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas



1.- Introducción: o sistema literario e cultural no último terzo do século XX	1.1. Entre a tradición e a revisión dos modelos literarios establecidos. 1.2.- Temas, modelos e tendencias discursivas.
2.- O sistema literario e cultural no século XXI: novos paradigmas, novas propostas artísticas	2.1.- Novas tendencias e perspectivas: revisión de modelos e conceptos 2.2.- Obras, autores/as, xéneros e prácticas culturais
3. Discursos e contradiscursos das mulleres.	3.1 Debates contemporáneos: feminismo-feminismos, xéneros e identidades. 3.2. Autoras e poéticas. Liñas temáticas.
4. Recepción da literatura galega do séc. XXI.	4.1 A recepción externa. 4.2 A recepción interna.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral		8	16	24
Lecturas		0	20	20
Análise de fontes documentais		9.5	12	21.5
Presentación oral		1	7	8
Atención personalizada		1.5	0	1.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas.
Lecturas	Será preciso realizar para cada sesión e nos prazos determinados as lecturas obrigatorias (as obras definidas como tales e os textos críticos complementarios), así como as necesarias para a realización dos traballos.
Análise de fontes documentais	Comentario e análise de diferentes textos seleccionados seguindo a táboa de contidos da materia.
Presentación oral	Exposición oral do estudo realizado por cada alumno(a) sobre unha obra seleccionada entre as que figuran na relación de Lecturas obrigatorias no Paso 8 desta Guía.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas Presentación oral Análise de fontes documentais	Os(as) estudantes que non podan asistir no horario previsto para as Titorías, poderán concertar entrevistas por medio do correo electrónico.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas		A avaliación das lecturas obrigadas realizarase, por unha parte, durante as sesións de "Presentación oral" para aqueles alumnos (as) a quen corresponda o papel de público e, por outra, a través da participación nas actividades desenvolvidas nas aulas correspondentes.	40
Presentación oral		Na avaliación desta actividade terase en conta, ademais do contido, a clareza expositiva e a corrección lingüística.	30



Análise de fontes documentais		A avaliación deste tipo de traballo será continua e realizada sobre a participación do(a) alumno(a) nas actividades na aula.	30
-------------------------------	--	--	----

Observacións avaliación

Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no inicio das sesións.

Terá a cualificación de "non presentado" quen non realice a presentación oral ou quen non asista e participe cando menos no 50% das sesións presenciais.

Os/as estudantes con dispensa académica terán condicións especiais de avaliación, entre elas a substitución da avaliación da actividade realizada na aula pola entrega da actividade por escrito ou pola realización dunha proba oral, nunha data que se establecerá tendo en conta a dispoñibilidade do/a estudante.

O alumnado que non teña superado a materia na convocatoria de xuño será avaliado seguindo os mesmos criterios na segunda convocatoria. Así, a avaliación da presentación oral e das lecturas obrigatorias realizarase no día e hora marcados como data oficial do exame da convocatoria de xullo.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Bernárdez, C.L. et alii (2001). "Tendencias da literatura galega actual" (I) e (II), en Literatura Galega. Século XX. Vigo: A Nosa Terra
- Casas, Arturo (2002). "A Teoría crítica da cultura e a planificación dos estudos socioculturais?". Anuario de estudos literarios galegos, 29-38
- Figueroa, Antón (2001). Nación, literatura, identidade: comunicación literaria e campos sociais en Galicia. Vigo: Edicións Xerais de Galicia
- González Fernández, H. (2005). Elas e o paraugas totalizador. Vigo: Xerais
- Moure, T. (2012). Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións. Vigo: Galaxia
- Pascual, R. (2007). "O teatro galego na actualidade", en Vieites, M.F.: 125 anos de teatro en galego: 223-222. Santiago: Xunta de Galicia
- Vilavedra, D. (2010). A narrativa galega na fin de século. Unha ollada crítica dende 2001. Vigo: Galaxia
- Obras de lectura obrigada: Manuel Rivas: Todo é silencio. Vigo: Xerais. (GP/2959) María Reimóndez: En vías de extinción. Vigo: Xerais. (L7At-REIMONDEZ,M-env) Ana Romaní: Estremas. Vigo: Galaxia. (L7At-ROMANI-est) Roberto Vidal Bolaño: As actas escuras. Santiago: Concello de Santiago /Promocións Culturais Galegas (T7G-VIDAL B-act)



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Adán, C. (2003). Feminismo e coñecemento. Da experiencia das mulleres ao ciborg. A Coruña: Espiral maior- Amorós, C. (1994). Historia de la teoría feminista . Madrid: Instituto de Investigaciones feministas da UCM Libro- Beltrán, E. et alii (eds.) (2001). Feminismos. Debates teóricos contemporáneos. Madrid: Alianza Libro- Blanco, C. (1995). Nais, damas, prostitutas e feirantas . Vigo: Xerais- Castro, O. / Reimóndez, M. (2013). Feminismos . Vigo: Xerais- Castro Vázquez, Isabel (2007). Reexistencia: a obra literaria de Manuel Rivas. Vigo: Xerais- Fernández Castro, X. M. (2011). A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño. Santiago: Iaiovento- González-Millán, X. (2000). Resistencia cultural e diferenza histórica: a experiencia da subalternidade. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco- Hooper, Kirsty (2005). ?Novas cartografías nos estudos galegos: nacionalismo literario, literatura nacional, lecturas posnacionais?. Anuario de Estudos Literarios Galegos: 64-73- Pernas, G. (2005). Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede. Santiago: Laiovento- Reis, C. (1992). ?Criação literaria e periferismo cultural: para una ideologia da marginalidade?. Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega, Santiago: Dirección Xeral de Cultura- Suárez Briones, B. / Martín Lucas, B. / Fariña Busto, Mª J. (eds.) (2005). Escribir en femenino. Poéticas e políticas. Barcelona: Icaria Libro- Tato Fontañá, L. / Tavares Maleval, Mª A. (eds.) (2010). Estudos galego brasileiros 3: lingua, literatura, identidade. Rio de Janeiro / A Coruña: UERJ / Universidade da Coruña <p>A profesora fornecerá ao longo do curso material bibliográfico complementar e outros recursos específicos para cada asunto obxecto de estudo.</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: carne@udc.gal

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías